Noticias Solidarias

- Dez locais de Burela colaboran coa Cruz Vermella destinando aos damnificados polo maremoto de Asia o 7,5% da recadación de dous días do seu traballo.

  (Resumo da noticia publicada en *La Voz de Galicia* o día 21-01-2005)

- En San Cibrao celebrarase un Festival solidario organizado por Cáritas Parroquial de Cervo e Lieiro coa colaboración de comercios, colexios e concello. Actuarán de forma desinteresada diversas agrupacións musicais e grupos infantís dos Colexios *Galdín* e *Rivera Casás*. Os fondos recadados irán destinados ás zonas devastadas. Haberá tamén unha chocolatada da rede de comercio xusto e rifaranse cestas compostas por artigos doados por establecementos comerciais da zona e da *Cerámica de Sargadelos*. O lema do festival será "Unha onda de solidariedade"

  (Resumo da noticia publicada en *La Voz de Galicia* o día 21-1-2005)

- O grupo da *UNICEF* local de Ferrol organizou un festival de Rondallas con sete grupos da comarca, sendo nenas e nenos quen se encargaron da presentación. A recadación destinouse integramente ao sueste asiático.

  (Resumo da noticia publicada en *La Voz de Galicia* o día 30-1-2005)

Familia de Carla Portela Rego

O día de fin de ano de 2000, ardeu unha casa dunha aldea ao prender lume a cheminea da cociña. A familia quedou sen nada. O concello doou un terreo para a construción dunha nova vivenda e abriu unha conta nunha entidade financeira para que a xente achegase doazóns. A veciñanza das aldeas mobilizouse de contado enviando cartos, roupa, alimentos... e axudándolles a construír a casa. Grazas a esa solidariedade esa familia volveu ter un sitio onde vivir.

Familia Ismael Francos López